

Guía de uso

Portal de Datos Abertos da UE

RAÚL VEGA SEOANE

Estudiante en prácticas

(Marzo 2021)



Contidos

1. Que é o Portal de Datos Abertos da UE?.....	3
Para que serven os datos abertos?.....	3
2. Quen proporciona os datos?.....	4
Metadatos.....	4
3. Deseño da páxina web.....	5
4. Procura de información.....	7
Como utilizar o campo de procura nas páxinas de datos.....	7
Ordenar os resultados.....	8
Filtrar os resultados.....	9
Procura booleana.....	11
Explorar os conxuntos de datos por editor, tema ou grupo.....	12
Procura de información para desenvolvedores.....	13
API REST.....	13
SPARQL.....	13
5. Seccións do Portal de Datos Abertos.....	14
Datos.....	14
Aplicacións.....	14
Datos vinculados.....	16
Visualizacións.....	17
6. Participación no portal.....	22
Sen rexistro previo.....	22
Con rexistro previo.....	28

1. Que é o Portal de Datos Abertos da UE?

O portal de datos abertos da Unión Europea proporciona acceso a unha crecente gama de datos das institucións e organismos da UE. Estes datos pódense utilizar e reutilizar con fins comerciais ou non comerciais.

O obxectivo de proporcionar un acceso fácil e gratuíto aos datos é axudar os cidadáns a utilizalos de forma innovadora e a aproveitar o seu potencial económico. O portal concibiuse tamén para facer máis transparentes e responsables as institucións e organismos da UE. Pídese a todas as institucións da UE que poñan os seus datos ao dispor do público sempre que sexa posible.

Creouse en 2012 por medio da [Decisión 2011/833/UE da Comisión Europea](#), relativa á reutilización dos documentos da Comisión.

Para que serven os datos abertos?

Permitir que o público en xeral reutilice os datos fomenta:

- o desenvolvemento económico no seo da UE
- a transparencia nas institucións da UE

Os datos en cuestión son:

- datos xeográficos, xeopolíticos e financeiros
- estatísticas
- resultados electorais
- actos xurídicos
- datos sobre criminalidade, saúde, ambiente, transporte e investigación científica

Todos estes datos son de libre acceso e poden reutilizarse en bases de datos, informes ou proxectos. As institucións e organismos da UE proporcionan estes datos en distintos formatos dixitais.

En xeral, os datos poden reutilizarse de forma gratuíta, sempre que se cite a fonte (véxase o aviso xurídico). Hai unha reducida serie de datos que están suxeitos a condicións específicas de reutilización, a maioría das cales están relacionadas coa protección dos dereitos de propiedade intelectual de terceiros. Nas páxinas de datos pertinentes figura unha ligazón a estas condicións.

2. Quen proporciona os datos?

Só as institucións, axencias e organismos da UE poden achegar datos ao portal de datos abertos da UE, un punto único de acceso aos datos da UE.

Engadir datos ao portal facilita aos cidadáns a súa procura e visualización.

A estrutura descentralizada do portal implica que os datos se manteñen na web do provedor de datos, que é o responsable da súa calidade e dispoñibilidade.

Metadatos

Os provedores de datos da UE alimentan o portal con metadatos (información sobre os datos) que describen os conxuntos de datos publicados na web da súa institución, axencia ou organismo da UE.

Poden facilitar os metadatos manualmente a través da [área do provedor de datos](#) ou envialos automaticamente en formato RDF.

Os metadatos almacénanse no portal. Catalóganse de forma harmonizada e utilízanse para redirixir os usuarios á web do provedor de datos onde poden acceder a eles.

Os metadatos almacénanse no portal en dúas bases de datos:

- unha base de datos convencional lexible para as persoas
- unha base de datos de triplo almacenamento e lectura mecánica para facilitar a interoperabilidade e a reutilización dos datos

Tamén se está a traballar para atopar unha solución que colleite datos das webs de forma automática.

3. Deseño da páxina web

Este é o deseño da páxina inicial do Portal de Datos Abertos, onde podemos atopar as distintas seccións que nos ofrece a páxina e o motor de busca principal. Para poder acceder dunha forma máis rápida e intuitiva as distintas sección que oferta o portal dispónse dun [mapa do sitio](#) situado na parte superior da páxina web.



Ilustración 1

Na parte inferior da propia páxina principal podemos atopar unha sección que se denomina “En primer plano”, que recolle as noticias máis recentes relacionadas coa Unión Europea; ademais agrega unha sección coa aplicación de Twitter onde se publican mensaxes das institucións europeas e os seus membros.



Ilustración 2

A continuación podemos ver un pequeño resumen das seccións e apartados que nos atopamos na páxina de inicio do Portal.



Ilustración 3

4. Procura de información

O portal de datos abertos da UE é un catálogo de metadatos que describe unha colección de conxuntos de datos almacenados nos sitios web dos provedores de servizos. Cada conxunto de datos consta de metadatos e recursos.

Como utilizar o campo de procura nas páxinas de datos

O campo de procura na páxina inicial e nas páxinas de datos permite buscar conxuntos de datos por texto libre; o sistema busca o texto introducido en todos os campos de metadatos.

É posible limitar a procura especificando determinados campos de metadatos.

Tamén se pode afinar a procura mediante os botóns situados debaixo do campo de procura para buscar «todas as palabras», «algunha das palabras» ou «a frase exacta».

O idioma que mellor precisará a busca é o inglés; aínda que se poden realizar buscas noutros idiomas, a maioría dos conxuntos de datos están gardados en inglés.




Ilustración 4

Efectuada a procura, aparecerá unha lista dos conxuntos de datos que corresponden á consulta.

A continuación, para afinar a procura, pódese ordenar ou filtrar os resultados.

Realizando unha busca por exemplo, coa palabra “Covid” podemos comprobar como funciona inicialmente o motor de busca, onde nos expón o número de conxuntos de datos relacionados coa palabra da nosa busca (marcado en cor vermella), ofrécenos un apartado para ordenar os resultados (marcado en cor amarela) e preséntanos a listaxe de datos (marcada en cor verde).




Ilustración 5

Ordenar os resultados

En principio, os resultados ordénanse por pertinencia (relevancia), é dicir, tendo en conta ata que punto coinciden cos termos buscados (teñen prioridade os títulos dos conxuntos de datos). Pero tamén se pode utilizar o menú despregable para cambiar os criterios de ordenación dos resultados.

Pode elixirse entre as seguintes opcións:

- **Relevancia** (pertinencia): opción por defecto
- **O máis visto**: ordenar por número de visualizacións de cada conxunto de datos, cos máis visualizados primeiro
- **O máis descargado**: ordenar por número de descargas de cada conxunto de datos, cos máis descargados primeiro
- **Título (A- Z)**: ordenar os títulos por orde alfabética
- **Título (Z-A)**: ordenar os títulos por orde alfabética inversa
- **Data de actualización**: ordenar pola última data de modificación, a máis recente primeiro




Ilustración 6

Filtrar os resultados

Á dereita dos resultados aparecerá unha listaxe de filtros (marcado en vermello), os cales se poden utilizar para personalizar a procura e atopar exactamente o que interesa.

Podo elixirse entre os seguintes filtros:

- campos de EuroVoc
- editores
- conceptos de EuroVoc
- palabras clave
- formatos de los recursos
- cobertura xeográfica
- idioma

- «ii **EuroVoc, tesauro multilingüe de la Unión Europea**

EuroVoc is a multilingual, multidisciplinary thesaurus covering the activities of the EU. It contains terms in 24 EU languages (Bulgarian, Croatian, Czech, Danish, Dutch, English,...

[ZIP](#) [RDF](#) (14178 presentación) (3321 Descargas)
- «ii **Transparency Register**

The Transparency Register provides citizens with access to information about who is engaged in activities aiming at influencing the EU decision making process, which interests are being...

[EXCEL](#) [PDF](#) [XML](#) (11742 presentación) (2918 Descargas)
- «ii **Consolidated list of persons, groups and entities subject to EU financial sanctions**

The application of financial sanctions constitutes an obligation for both the public and private sector. In this regard, the EU assigns particular responsibility to credit and financial...

[HTML](#) [PDF](#) [XML](#) (9549 presentación) (9204 Descargas)
- «ii **Tenders Electronic Daily (TED) (csv subset) – public procurement notices**

A subset of Tenders Electronic Daily (TED) data covering public procurement for the European Economic Area, Switzerland, and the former Yugoslav Republic of Macedonia from 2006–01–01 to...

[CSV](#) [DOC](#) [PDF](#) (6968 presentación) (2886 Descargas)
- «ii **She Figures 2013 Gender in Research and Innovation**

Women employed as researchers still remain a minority, but are they catching up? Is their distribution throughout different fields of science changing over time? Are women eff...

[PDF](#) (6568 presentación) (225 Descargas)
- «ii **Clasificación europea de Capacidades, Competencias, Cualificaciones y Ocupaciones (ESCO)**

ESCO is the multilingual classification of European Skills, Competences, Qualifications and Occupations. ESCO is part of the Europe 2020 strategy. The ESCO classification identifies and...

[HTML](#) (6181 presentación) (360 Descargas)
- «ii **Standard Eurobarometer 85: Standard Eurobarometer 85**

Standard Eurobarometer 85 survey (EB85), was carried out between 21 and 31 May 2016 in 34 countries or territories: the 28 European Union (EU) Member States, five candidate countries (the...

[ZIP](#) (5957 presentación) (3207 Descargas)
- «ii **Registro de documentos de la Comisión**

El artículo 15 del Tratado del Funcionamiento de la Unión Europea concede a los ciudadanos y residentes de los Estados miembros derecho a acceder a los documentos del Parlamento Europeo,...

[ZIP](#) [RDF](#) [HTML](#) (5890 presentación)
- «ii **CORDIS reference data**

Set of classifications and other reference data used mainly in project and organisation extractions. In organisation/project data extractions you will only see the codes. These files...

[CSV](#) [EXCEL](#) [TXT](#) (5551 presentación) (3757 Descargas)
- «ii **[LATEST VERSION] Elevation map of Europe**

LATEST VERSION. The map is made using the global digital elevation model (DEM) derived from GTOPO30. Note that the values in the file are not the original elevation data. The data has...

[ZIP](#) [TIFF](#) [OCTET STREAM](#) (4813 presentación)
- «ii **Average Revenue per User (ARPU) in the Retail Mobile Market**

Total retail mobile revenues divided by number of active SIM cards Original source Electronic communications market indicators collected by Commission services, through National...

[CSV](#) [RDF](#) [WEBSERVICE/SPARQL](#) [TEXT/NS](#) (4308 presentación) (457 Descargas)

Editores

Eurostat (6754)
 Centro Común de Investigación (1587)
 Dirección General de Comunicación (725)
 Agencia Europea de Medio Ambiente (486)
 Autoridad Bancaria Europea (202)
 Dirección General de Cooperación Internacional y Desarrollo (184)
 Dirección General de Justicia y Consumidores (136)
 Oficina de Publicaciones (131)
 Dirección General de Redes de Comunicación, Contenido y Tecnologías (54)
 Parlamento Europeo (52)

[Mostrar más »](#)

Conceptos de EuroVoc

mercado laboral (804)
 sanidad laboral (446)
 renta (396)
 seguridad social (395)
 integración social (395)
 condición de vida (395)
 contabilidad nacional (390)
 sociedad de la información (268)
 mercado financiero (208)
 producción de energía (207)

[Mostrar más »](#)

Palabras clave

Environment (1050)
 Science and technology (927)
 polls (584)
 opinion (583)
 surveys (579)
 flash (319)
 geospatial data (272)
 special (263)
 Energy (224)
 data (211)

[Mostrar más »](#)

Formatos de los recursos

Ilustración 7

Poden aplicarse varios filtros, para retirar un filtro, basta hacer clic no seu nome.

Editores: [Eurostat](#) x

Ordenar por: [Lo más visto](#)

Se encontraron **6754** conjuntos de datos

«ii **EU trade since 1988 by CN8**

EU trade since 1988 by CN8

[HTML](#) (2066 presentación)

Visualizar este conjunto de datos con [Data Explorer](#)

Ilustración 8

Procura booleana

A procura booleana é un tipo de procura que permite combinar termos clave con operadores (ou modificadores) tales como «AND», «OR» e «NOT» para así ampliar e afinar a procura.

«AND» inclúe ambos os termos da procura. Corresponde á opción «todas as palabras».



Ilustración 9

«OR» permite ampliar a procura a varios termos. Corresponde á opción «alguna das palabras».



Ilustración 10

As **comiñas** (« ») empréganse para buscar unha frase exacta. Corresponden á opción «a frase exacta».



Ilustración 11

«NOT» exclúe un determinado termo. Exemplo: machine NOT farm (buscamos a frase exacta na que atopar a palabra máquina excluindo da mesma a palabra granxa).

As parénteses utilízanse para combinar modificadores e crear así unha procura máis complexa.

Exemplo: (machine NOT farm) NOT (transport OR equipment); neste caso na buscamos a frase exacta que conteña a palabra máquinas excluindo as granxas e ademais excluimos a súa vez todo o relacionado coas palabras transporte ou equipamento).

Explorar os conxuntos de datos por editor, tema ou grupo

Na sección de datos que nos ofrece o portal, na parte dereita atopámonos con distintas seccións que nos permiten concretar a busca dos conxuntos de datos, como son os editores, os temas e os grupos.

Como vemos na ilustración 12, o portal preséntanos dunha forma máis estruturada os conxuntos de datos, a través dos temas que estes tratan, como poden ser educación, economía ou enerxía.

O seguinte apartado que nos ofrece o portal para poder concretar o tipo de datos que estamos a procurar é o presentado na Ilustración 13. O portal preséntanos os conxuntos de datos a través dos editores de cada un, así se queremos buscar datos editados polo Parlamento Europeo podemos ir directamente á listaxe propia do Parlamento Europeo.

Examinar conxuntos de datos por temas o grupos



Ilustración 12

Editores

[ver todos »](#)

- Parlamento Europeo (69 conjuntos de datos)
- Consejo de la Unión Europea (3 conjuntos de datos)
- Comisión Europea (13264 conjuntos de datos) [+](#)
- Banco Central Europeo (32 conjuntos de datos)
- Tribunal de Cuentas Europeo (9 conjuntos de datos)
- Comité Económico y Social Europeo (2 conjuntos de datos)
- Comité Europeo de las Regiones (2 conjuntos de datos)
- Banco Europeo de Inversiones (10 conjuntos de datos)
- Defensor del Pueblo Europeo (6 conjuntos de datos)

Ilustración 13

Procura de información para desenvolvedores

O Portal de datos abertos da UE ten como obxectivo fomentar a utilización de conxuntos de datos da UE para o desenvolvemento de aplicacións por terceiros. A ese fin, propoñemos aos desenvolvedores dúas interfaces de programación para a procura de conxuntos de datos: unha API REST e un punto SPARQL.

API REST

Unha forma de acceder ao Portal de datos abertos da UE é mediante a API REST. Todas as funcionalidades básicas do portal están dispoñibles a través da interface de programación de aplicacións (API), que permite realizar a maior parte das operacións incluídas na interface web. Posteriormente, a información recuperada pode ser utilizada por un código externo para transformar, actualizar ou referenciar e proporcionar novas entradas para outras chamadas á API.

A mensaxe do corpo da solicitude e a resposta é en formato JSON (especificado en [RFC 4627](#)) para todas as chamadas. Con todo, os servizos que facilitan detalles dos conxuntos de datos tamén proporcionan unha resposta en RDF/XML, que adoita estar integrada na resposta JSON.

As especificacións da nova API están publicadas en formato [OpenAPI](#) en [SwaggerHub](#). O arquivo de descrición en formato OpenAPI tamén está dispoñible para a súa descarga: eu-odp-openapi.yaml

Pódese obter máis información sobre a API REST nas seguintes páxinas:

- [Tools for using REST API](#) (só en inglés).
- [Sample REST requests](#) (só en inglés).

SPARQL

Outra forma de acceder ao Portal de datos abertos da UE é mediante un punto de acceso SPARQL lexible por máquina que permite realizar consultas sobre as descricións RDF dos conxuntos de datos. Nota: os usuarios anónimos só están autorizados a efectuar consultas para recuperar información.

Como se mostra na páxina “Datos vinculados”, existe unha interface gráfica para formular as consultas SPARQL.

A sección seguinte proporciona unha breve introdución á linguaxe SPARQL e algúns exemplos específicos para o contexto do portal de datos abertos da UE.

5. Seccións do Portal de Datos Abertos

Datos

Como podemos apreciar na Ilustración 14, a primeira sección que nos ofrece o portal é a de Datos, que como xa se explicou na parte de procura de información ofrece moitas posibilidades. A parte de imaxe que está encadrada en cor negra é o motor de busca que xa explicamos anteriormente; o cadrado que está en cor vermella refírese á listaxe dos conxuntos de datos máis vistos en todo o portal, os cales non teñen que coincidir coas nosas buscas; por último o cadrado en cor verde refírese, como xa dixemos con anterioridade, á clasificación que realiza o propio portal segundo a temática dos conxuntos de datos.



Ilustración 14

Aplicacións

Nesta sección atopará exemplos de aplicacións desenvolvidas polas institucións, axencias e outros organismos europeos (identificados pola bandeira da UE), así como por terceiros interesados. Explore nosa galería de aplicacións e descubra o potencial dos datos abertos da UE.

De novo, nesta sección encontrámonos cun motor de busca, pero que neste caso se refire ao glosario de aplicacións do que dispón o portal. Como veremos na Ilustración 15 atopámonos con 3 sección principais onde encontramos sinalizado coa frecha de cor negra o motor de busca, a sección sobre as aplicacións máis recentes encadrada en negro e a sección dos autores encadrada en vermello; esta última sección permítenos acoutar a aplicación que queremos buscar en función do creador da mesma.

Como podemos observar, na mesma imaxe podemos identificar a través de símbolos os creadores das aplicacións, identificados cunha bandeira europea aqueles pertencentes ás institucións europeas.

Aplicaciones

En esta sección encontrará ejemplos de aplicaciones desarrolladas por las instituciones, agencias y otros organismos europeos financiados por la bandera de la UE, así como por terceros interesados. Explore nuestra biblioteca de aplicaciones y descubra el potencial de los datos abiertos de la UE.

Buscar aplicaciones...

Utilización de datos sobre el coronavirus COVID-19

IDA (siglas inglesas de aplicación de gestión de datos iterativa) es un sistema de gestión de datos maestros creado por Jens Buttler con un enfoque iterativo/ágil que trata los... [Mostrar más](#)

Esta aplicación pertenece a terceros. Según el [aviso jurídico](#), la Comisión no ejerce ningún control sobre esta aplicación ni asume responsabilidad alguna por ella.

[Ir a la aplicación](#)

Transparencia – Pagos públicos

Esta aplicación, por ahora únicamente disponible en griego, extrae y procesa datos del Sistema de Intercambio de Información sobre el IVA (VIES) y del portal griego. [Mostrar más](#)

Autor

- Centro Común de Investigación (JRC) (14)
- Eurostat (9)
- Miquel Català (4)
- EDJNet (3)
- Fabio Disconzi (3)
- Parlamento Europeo (3)
- Agencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) (2)
- Alexander Kleibrink (2)
- DG Energy (2)
- Eurofound (2)

Ilustración 15

Na Ilustración 16 podemos ver que os acoutamentos poden realizarse a través de máis parámetros, como son o prezo, onde englobamos gratuito, con licenza e demos, segundo a fonte que utiliza a aplicación e por último segundo a función que a propia aplicación nos oferta.

Precio

- Gratuito (118)
- LICENCIA (6)
- DEMO (4)

Fuente

- Fuentes de datos múltiples (31)
- Eurostat (24)
- Parlamento Europeo (12)
- Centro Común de Investigación (JRC) (8)
- EUR-Lex (7)
- CORDIS (5)
- TED (Tenders Electronic Daily) (5)
- Centro Europeo para la Prevención y el Control de las Enfermedades (3)
- Comisión Europea (3)
- Cosmetic ingredient database (Cosing) (3)

[Mostrar más](#)

Función

- Visualización de datos (87)
- Análisis de la información (57)
- Base de datos (55)

Ilustración 16

Datos vinculados

Esta sección está máis vinculada á utilización por parte dos programadores e desenvolvedores, pois ofrece un editor terminal de consultas SPARQL (Ilustración 17) que require de formación previa.

Os «datos vinculados» son unha maneira normalizada de representar datos sobre unha gran variedade de temas. A publicación de datos vinculados facilita aos programadores a conexión de información de diferentes fontes, o que leva a novas aplicacións.




Ilustración 17

Visualizacións

Esta sección está máis enfocada ao usuario principiante do portal, xa que nos oferta unha serie de ferramentas introdutorias para a análise e comprensión dos datos e as ferramentas que o propio portal pon á nosa disposición.

Subdivídese á súa vez en 4 seccións: o Resumo (frecha de cor negra), o Centro de Coñecementos (frecha de cor vermella), os Proxectos (frecha de cor verde) e o Sandbox (frecha de cor amarela).




Ilustración 18

O catálogo é unha colección de ferramentas de visualización, materiais de formación e visualizacións reutilizables para todos os niveis, desde principiante ata experto (Ilustración 18)

Na sección Resumo realízase unha breve introdución á sección de visualizacións e fai unha presentación breve, con accesos directos, ás distintas subseccións.

A sección Centro de Coñecementos contén materiais de formación, orientacións e outros documentos para compartir. Para un panorama das mellores prácticas e as iniciativas en curso en materia de visualización de datos nas institucións da UE, consulte o informe que define o servizo de visualización de datos.

Como se representa na Ilustración 19 o centro de coñecementos dispón dun motor de busca (frecha negra) que permite realizar buscas directas de materiais de formación que oferta o portal; esta busca pode acoutarse en función do tipo de material (frecha vermella) que desexamos buscar. Unha vez realizada a busca presentásenos unha listaxe das distintas ferramentas de formación (encadrada en verde) das que podemos facer uso.




Ilustración 19

A presentación dos proxectos tras a realización da busca é a mesma que na formación ofertada polo portal. Na Ilustración 20 podemos observar como se dispón o proxecto, onde se nos indica o tipo de proxecto realizado e a ferramenta relacionada que se utiliza para a súa implementación.



Data visualisation training - Excel

Document

Introduction to Data Visualisation training, created by the Publications Office of the European Commission. Slides 79 to 103 c...

Type: [Training](#) ← **Tipo de formación**

Related tools: [Microsoft Excel](#) ← **Ferramenta relacionada**



Data visualisation training - Qlik Sense

Document

Data visualisation training on Qlik Sense, developed by the Publications Office of the European Union.

Type: [Training](#)

Related tools: [Qlik Sense](#)

Ilustración 20

A sección de proxectos ofrece toda unha serie de paneis, infografías e visualizacións tanto reutilizables como non reutilizables. De novo a sección ofrécenos un motor de busca directa no que podemos atopar un proxecto concreto segundo o seu nome, tipoloxía e ferramenta utilizada.




Ilustración 21

A busca directa podémola completar e acoutar en función dunha serie de parámetros que se nos ofrecen como son o tipo de proxectos a buscar, o tipo de datos aos que se refire o proxecto, o tipo de visualización que presenta o proxecto e por último se é reutilizable ou non (Ilustración 22).

Type
Real-life implementation (2)
Example (1)
Tipo de datos
Numerical data (2)
Geospatial data (1)
Tipo de visualización
Dots/ bubbles (1)
Reusable
No (3)

Ilustración 22




Ilustración 23

Unha vez accedemos ao proxecto en cuestión ábrese unha nova páxina na que se realiza un breve resumo do que supón o proxecto e preséntanos unha ligazón directa para ampliar información sobre o mesmo.

Captura de pantalla:	
Descripción: Descripción do proxecto (predominantemente en inglés)	Through this page, you can view an interactive visualisation of Cordis data as published by the Publications Office of the European Union Open Data Portal. The datasets contain all projects funded by the European Union under the sixth, seventh and Horizon 2020 framework programmes for research and technological development. These framework programmes ran from 2002 to 2006, 2007 to 2013, and 2014 to 2020 respectively.
Herramientas relacionadas :	<u>Google-Visualization, D3.js, Gephi</u> Ferramentas relacionadas
Otro tipo:	Real-life implementation
Tipo de datos:	Numerical data Tipos de datos usados
Tipo de visualización:	Dots/ bubbles Tipo de visualización usada
More information:	http://52.50.205.146:8890/data-visualisation-pilot/CORDIS/ Ligazón directa para ampliar información


Ilustración 23

Por último, a sección ofrécenos unha ferramenta de previsualización de datos. Explore distintas maneiras de visualizar os datos abertos da UE co noso espazo seguro de probas de visualización, que utiliza RAWGraphs (<http://rawgraphs.io/>).

RAWGraphs traballa con valores separados por delimitadores (é dicir, ficheiros CSV e TSV) e con textos copiados e pegados doutras aplicacións (por exemplo, Microsoft Excel, Google Spreadsheets, TextEdit. etc.). Tamén traballa con puntos finais (API) que admiten CORS.

Poden exportarse de e integrarse na páxina web imaxes en formato vectorial (SVG) e ráster (PNG)

RAWGraphs tamén é unha aplicación web: os datos introducidos serán procesados exclusivamente polo navegador. Non se realizan operacións de servidor nin almacenamento.



The screenshot shows the 'Load your data' section of the RAWGraphs web application. It features a teal 'Paste' button at the top. Below it are three links: 'Upload a file', 'From URL', and 'Try our samples'. A large text area with a light gray border contains the placeholder text 'Paste your data here from other applications'. At the bottom, a footer note states: 'Copy and paste your data from other applications or websites. You can use tabular (TSV, CSV, DSV) or JSON data'.

Ilustración 24

6. Participación no portal

Sen rexistro previo

A participación sen rexistro pode realizarse dende tres apartados distintos. O primeiro é a proposta de conxuntos de datos novos, que se atopa tanto na páxina principal (Ilustración 25) como na parte baixa da páxina web (Ilustración 26). Este tipo de proposta serve para introducir no portal posibles datos de interese para o mesmo e que no momento da proposta non existan no portal.



Ilustración 25



Ilustración 26

Unha vez ingresamos aparécenos un formulario que teremos que cubrir con distintos datos para enviar unha proposta formal.

¿Qué datos le interesan *

Descripción *

¿Quién es usted?

Su nombre *

Dirección de correo electrónico *

País (optativo)

Idioma (optativo)

Ninguno

Tipo de organización

Ninguno

Especifique:

Ilustración 26

Su interés es:

☐ Privado

☒ Profesional

Quiere que su sugerencia sea:


☐ Privada

☒ Pública

¿Por qué cree que estos datos son de interés para el portal de datos abiertos de la UE?

Declaración de privacidad *

☐ Al activar esta casilla, reconoce que ha leído y comprende la declaración de privacidad



¿Qué código se ve en la imagen? *

Introduzca los caracteres que aparecen en la imagen

Enviar

Ilustración 27

A segunda forma de participación sen rexistro é compartindo unha aplicación propia co portal, para a súa posterior utilización por parte dos usuarios da páxina web. Este apartado sitúase na sección de aplicacións (Ilustración 28) e na parte baixa da páxina web (Ilustración 29).



Ilustración 28



Ilustración 29

Ao entrar ábrese nos un formulario que teremos que completar con distintos documentos e arquivos para poder compartir a aplicación co portal. Como veremos teremos que completar distintos campos como o título ou a descrición da propia aplicación, así como os arquivos necesarios para a súa utilización (Ilustracións 30, 31, 32 e 33). Tamén deberemos determinar o tipo de uso que lle queremos dar, así como o prezo da mesma para aquelas persoas que a queiran usar.

Title *

Descripción *(Edit summary)

Text format Filtered HTML ▾ [More information about text formats ?](#)

- Web page addresses and e-mail addresses turn into links automatically.
- Allowed HTML tags: <a> <cite> <blockquote> <code> <dl> <dt> <dd> <h2>

- Lines and paragraphs break automatically.

Ilustración 30

Fecha de publicación

Format: 2021-02-10

[Show row weights](#)

Autor

+

Add another item

[Show row weights](#)

Fuente

+

Add another item

Tema

+

Add another item

Función *

- ☐ Cartografía
- ☐ Resultados comparativos
- ☐ Visualización de datos
- ☐ Base de datos

Ilustración 31

Precio *

☒ Gratuito

☐ DEMO

☐ LICENCIA

Plataforma *

☒ Aplicación web

☐ Aplicación para móvil

☐ Aplicación para ordenador

Enlace a la aplicación *

Idioma (optativo) *

English (en) ▼

Miniatura

Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado

Cargar

Files must be less than 2 MB.

Allowed file types: **png gif jpg jpeg**.

Images must be smaller than **600x600** pixels.

Su nombre *

Su organización *

Ilustración 32

Aplicación de: *

☒ Terceros

☐ Instituciones de la UE

☐ Al activar esta casilla, reconoce que ha leído y comprende la declaración de privacidad *

X
i K 8 L

¿Qué código se ve en la imagen? *

Introduzca los caracteres que aparecen en la imagen

Guardar

Ilustración 33

A derradeira forma de interactuar co portal sen rexistro é compartir cos usuarios do portal a reutilización dos datos. Ao igual que coas outras opcións teremos que encher un formulario ao cal accederemos dende a parte baixa da páxina web (Ilustración 34).

Contacto

Su nombre *

Correo electrónico *

Tema *

Mensaje *

☐ Al activar esta casilla, reconoce que ha leído y comprende la declaración de privacidad *

i B A
4 R

¿Qué código se ve en la imagen? *

Introduzca los caracteres que aparecen en la imagen

Enviar mensaje

Infórmenos

Compartir su reutilización de
datos de la UE
Proponga un conjunto de datos
Comparta su aplicación

**La Unión Europea y el Reino
Unido**

Ilustración 34

Con rexistro previo

A opción de participación con rexistro límitase a unha única sección, a área de Provedores de Datos; para poder acceder a esta sección os usuarios do portal deben estar rexistrados previamente. O rexistro realízase a través do portal EU Login (antigamente coñecido como ECAS, o servizo de autenticación da Comisión Europea) común para a maioría de servizos que se ofertan dende as institucións europeas, polo que se xa se está rexistrado noutra páxina dalgunha institución ou servizo (por exemplo Eur-lex?, xa se pode de acceder a este área do portal.

Para acceder a ese portal de rexistro pode utilizar a seguinte ligazón: [EU Login](#).

Unha vez ingresamos coas nosas credenciais a páxina web engade unha nova opción como usuarios rexistrados do portal (Ilustración 35). Esta nova sección (frecha negra) só permite o seu uso en inglés; como podemos ver na ilustración ofértansenos catro novos submenús cos que poderemos interactuar.

Cando entramos na páxina principal aparécenos o motor de busca habitual da páxina web, de novo unha sección para achegar datos (recadro vermello) que nos redirixe á xa mencionada sección de achega de datos, e por último aparécenos unha lista cos datos propios que fomos achegando ao portal.




Ilustración 35